



NORMAS DE PARTICIPACION MESTURA SHOPPING 2017

1. Lugar e Data

Sada, 19 e 20 de agosto de 2017.

2. Inscripción

Poderán participar na Feira de Comercio e Servizos do Concello de Sada todas aquelas persoas que realicen a solicitude en tempo e forma.

3. Prazo de presentación e documentación requirida.

As instancias solicitando tomar parte no Mestura Shopping 2017 presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

O prazo para presentar as solicitudes será do 11 ao 21 de xullo de 2017, ambos inclusive, en horario de 09:00 a 14:00 horas .

As solicitudes deberán enviarse no modelo de inscrición debidamente cumprimentado (Anexo I).

- Fotocopia do D.N.I do solicitante
- Descrición dos produtos que van a ser ofertados na feira.

4. Montaxe e Horarios.

O horario de montaxe dos postos será a partir das 19:00 horas do venres 18 de agosto.

O horario de venda ao público os dous días da feira será das 11:00 h. ás 22:00 horas.

Os participantes comprométese a cumprir co horario de apertura e peche sendo este ininterrompido.

A organización garante servizo de seguridade nocturna na carpa os días 18 (dende as 22:00 as 10:00 da mañá) e 19 de agosto (dende as 22:00 as 10:00 da mañá).

A organización non se fai responsable do contido do posto no horario da feira.

Así mesmo cada expositor deberá posuír, como requisitos mínimos: unha alargadera eléctrica en bo estado para conectarse ao punto de luz máis cercano, protección contra sobrecargas e cortacircuitos e elementos necesarios para iluminar o posto.

5. Asignación de Espazos e Ubicacións da Feira

A asignación dos espazos corre a cargo da organización.

O espazo máximo asignado será de 3x3 m².

Os participantes non poderán ocupar maior espazo do asignado pola organización por cuestións loxísticas.

6. Aceptación de Solicitudes

A organización resolverá as solicitudes e notificará a concesión de posto .

A adxudicación dos postos farase por rigoroso orde de presentación das solicitudes de participación.

Terase en conta que a organización reserva 4 postos (como máximo) destinados a hostalería local.

7. Servizos Facilitados

7.1.- Puntos de luz na Feira

7.2.- A organización disporá diversos contenedores de lixo no recinto.

7.3. -A organización non se responsabilizará dos roubos ou desperfectos que se poidan ocasionar.

7.4.- Seguridade nocturna.

7.5 .-Actividades varias.



8.- A organización se reserva o dereito a dar por finalizada a actividade de calquera posto que non se adapte ós requisitos establecidos nesta convocatoria.

O envío da solicitude (Anexo I) supón o coñecemento e aceptación das presentes bases. Alegar, por tanto, descoñecemento ou ignorancia sobre calquera dos puntos aquí contidos non será argumento a ter en conta pola organización en caso de que se dea o incumprimento dalgún deles.-

Sada, 5 de xullo de 2017.-

Asdo.- Xosé Lois Suárez Becerra
Concelleiro delegado de Promoción Económica e
Medio Ambiente.